

VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE ARTEIXO

ANUNCIO de aprobación do proxecto de execución da obra denominada Mellora da seguridade viaria e acondicionamento da estrada DP-0511 en Ervedíns-Loureda e inicio do expediente expropiatorio, polo procedemento de taxación conxunta, para a obtención dos terreos afectados polas obras.

Expediente: 2026/U040/000002.

De conformidade co disposto no artigo 118 da Lei do solo de Galicia, comunícase que con data do 21 de maio de 2026, mediante a Resolución da Alcaldía número 1328/2026, foi aprobado inicialmente o proxecto de Mellora da seguridade viaria e acondicionamento da estrada DP-0511 en Ervedíns-Loureda e o inicio do expediente expropiatorio para a obtención dos bens e dereitos afectados pola devandita obra.

Así mesmo, consonte a devandita resolución, procede someter a información pública polo período dun mes o referido proxecto de expropiación, mediante a inserción de anuncios no *Diario Oficial de Galicia* e nun xornal de maior circulación da provincia, así como á notificación individualizada con traslado literal das follas de valoración e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparezan como titulares de bens e dereitos no expediente, para que poidan formular cantas alegacións e reclamacións consideren oportunas tanto con respecto ao expediente expropiatorio como á fixación do prezo xusto por idéntico prazo dun mes.

A relación de bens e dereitos afectados é a seguinte:

Nº	Ref. catastral	Titularidade	Sp. total (m ²)	Exprop. def. (m ²)
2	15005A047000700000PM	Ferro Bermúdez, María Carmen	206	31
3	15005A047000690000PK	Ferro Bermúdez, María Carmen	255	35
5	15005A047000680000PO	García Fernández, María Lourdes	475	23
6	15005A047000670000PM	García Fernández, María Lourdes Leis Agrafojo, Rafael (herdeiros de)	464	30
7	15005A04700064	Boedo Barros, José Manuel Boedo Barros, José Ramón Boedo Barros, María del Carmen	1.008	10
8	15005A047000660000PF	Boedo Barros, José Manuel	112	12



Nº	Ref. catastral	Titularidade	Sp. total (m ²)	Exprop. def. (m ²)
9	001702500NH49C	Amado Pombo, María del Carmen	5.247	73
11	15005A060003480000PM	En investigación	131	32
12	15005A060000620000PF	Castro Barreiro, Manuel (herdeiros de)	843	100
13	15005A060003720001AZ	Concello de Arteixo	155	27
14	15005A047000060000PR	Pan Rodríguez, Carmen	492	52

Durante o devandito prazo as persoas interesadas poderán examinar os seus contidos, na sede electrónica do Concello de Arteixo e, presencialmente, nas dependencias municipais do Concello de Arteixo, sitas na travesía de Arteixo, nº 249, 3º andar, de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, co fin de que poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que xulguen pertinentes.

Ante a eventualidade de que poidan existir interesados descoñecidos neste procedemento, se ignore o lugar da notificación, ou ben intentada esta non se puidese efectuar, sirva a presente de notificación co alcance e coa finalidade previstos no artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da preceptiva publicación no BOE.

Arteixo, 22 de maio de 2026

O alcalde
P.D. (Decreto 1243/2025, do 8 de maio)
José Antonio Calvelo Añón
Concelleiro delegado de Medio Urbano e Medio Rural

